

**PALABRAS DO ALCALDE DE FERROL NA RECEPCIÓN  
OFRECIDA POLO EXCMO. CONCELLO DE LUGO AO  
CONCELLO FERROLÁN DENTRO DO PROGRAMA  
FESTIVO DO SAN FROILÁN**

Concello de Lugo  
Xoves 11 de Outubro de 2003

Benquerido alcalde; membros da Corporación Municipal do Excelentísimo Concello de Lugo, compañeiros e compañeiras de corporación, amigos e amigas,...bos días a todos.

É para min unha grande satisfacción representar por primeira vez como alcalde a todo o pobo de Ferrol na cidade de Lugo con motivo das festas do San Froilán.

Hai sete anos, as nosas cidades asinaban un pacto de hermanamento como mostra inequívoca da vontade de ambos municipios de fortalecer os lazos de unión entre os dous pobos.

Pero quero recordar que esta amizade comenzaba hai moitos anos, no 1906 concretamente, coa celebración no noso Teatro Jofre dun Certame Rexional de Orfeóns no que participou o Orfeón Galego de Lugo, que finalmente foi o gañador. Logo veu a participación da Rondalla ferrolá Airiños no Certame Nacional de Rondallas que acolleu a vosa cidade. Tal foi a pegada destes primeiros encontros que pronto cundiu a idea das excursións entre Ferrol e Lugo, e entre Lugo e Ferrol. Tanto, que na nosa cidade, non se concebía e non se concibe un mes de outubro sen vir ao San Froilán.

Hoxe estamos aquí para reafirmar ese pacto, para que Lugo e Ferrol preserven e potencien eses vínculos sociais, culturais, históricos e institucionais xa tan consolidados.

Pero se a nosa relación ven de hai máis dun século, nos últimos anos, a historia das nosas cidades vai da man. Así, o 30 de novembro do ano 2000, o comité da UNESCO reunido en Cairns, Australia, concedía o título de Patrimonio da Humanidade á Muralla Romana. Como ven sabedes, o Concello de Ferrol, a súa riqueza patrimonial, agarda dar estes días un novo paso cara ao seu nomeamento. O noso Arsenal Militar, xunto coas fortalezas defensivas da rías e o barrio da Magdalena aspiran o poder ostentar un recoñecemento como o que esta grande obra da arquitectura romana, que son as fermosas murallas de Lugo, ten xa.

Neste senso, quixera darvos a miña máis sincera noraboa polo voso hermanamento o pasado sábado coa cidade de Quihuandao, onde ten a súa orixe o primeiro tramo importante da gran muralla China, outro monumento que goza da distinción de Patrimonio da Humanidade.

Benqueridos amigos, as nosas cidades están a vivir arestora unha nova etapa de rexurdimento. O avance nas infraestructuras e os procesos de creación de riqueza están a facer de Lugo e Ferrol dous polos importantes de atracción tanto empresarial como poboacional. Precisamente, soamente hai tres días tivemos ocasión de poñer a primeira pedra do último tramo da autovía entre Ferrol e Vilalba, co que xa é certo que no San Froilán de dentro de dous anos, realizaremos toda a viaxe dende Ferrol por autovía. Un feito que terá unhas consecuencias extraordinariamente positivas para a intensificación das relacións entre as nosas cidades, tanto para a súa cidadanía como para as súas empresas.

Sei que aínda estamos comezando unha carreira de fondo, pero os nosos anhelos, como sen dúbida os vosos, son os de conquistar unha cidade mellor, un municipio próspero onde as xeracións futuras poidan realizarse persoal e profesionalmente.

Tamén nestes días, Lugo e Ferrol, Ferrol e Lugo, comparten outras grandes alegrías, as que nos da un dos mellores deportistas galegos dos últimos tempos: o triatleta Javier Gómez Noya, ferrolán de nacemento e lugués de adopción, xa que cun clube da vosa cidade está a obter os mellores resultados da súa carreira, á vez que pasea con orgullo na súa camiseta a candidatura de Ferrol a Patrimonio da Humanidade.

Pero imos a voltar ao día de hoxe, no que cómpre festexar o San Froilán. Como antes decíamos, son moitos os ferroláns e as ferrolás que acuden ano tras ano a participar do variado e atractivo programa festeiro, cultural e gastronómico que ofertades. Unha representación deles nos acompaña hoxe neste salón, aos que, se me permitides, quero mandar un saúdo moi especial.

A nosa equipa de goberno quere revitalizar, aínda máis, estes lazos entre os nosos concellos e as nosas xentes. Porque, quero que saibades que, como irmáns que somos, estades sempre na nosa mente e no noso corazón.

Alcalde, membros da corporación de Lugo, amigos e amigas, gracias por esta invitación. Recordade que sempre seredes recibidos na nosa casa cos brazos igual de abertos que os vosos.

Moitas gracias e Viva San Froilán!